

NADAL 2024

BELÉNS COMPOSTELÁNS BELENES COMPOSTELANOS COMPOSTELAN NATIVITY SCENES

BELÉN DE SAN FIZ DE SOLOVIO | 29 nov - 6 xan

Belén tradicional. Preto de 500 figuras, pezas móbiles, río con auga corrente, ciclo día/noite e efectos especiais.

Inauguración: venres 29 de novembro, de 16:00 a 19:00 hrs. Luns 2 a xoves 19 decembro: 11:00 a 14:00 e 16:00 a 19:00 h. Sábados, domingos e vacacións escolares: 11:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00 h.

DATAS ESPECIAIS:

23 decembro: Visita da Paxe do Nadal ás 17:30 h. e Concerto de Corais Veciñais ás 18:00 e 19:30 h. **24 e 31 decembro:** 11:00 a 14:00 e 16:00 a 19:00 h. **25 decembro e 1 xaneiro:** 17:00 a 21:00 h.

BELÉN POPULAR DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Belén de estilo popular, con figuras de Nicolás Almansa (70m², 530 figuras realizadas de modo artesanal, algunhas delas con automatismos).

Lugar: Igrexa de Santo Agostiño - Rúa de Santo Agostiño, 2

Abre: Todos os días, 10:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00 h.

DATAS ESPECIAIS: 25 decembro e 1 de xaneiro só pola mañá.


BELÉN NAPOLITANO DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Belén de estilo napolitano (50m², 500 figuras realizadas de modo artesanal, moitas delas con automatismos).

Lugar: Igrexa do Convento do Carme - Rúa de Santa Clara, 8

Abre: Todos os días, 10:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00 h.

DATAS ESPECIAIS: 25 decembro e 1 xaneiro só pola mañá.



COMPOSTELA A ESTRELA DO NADAL

+info



BELÉN FAMILIAR DE CONXO | 30 nov - 6 xan

Un dos beléns familiares máis antigos da cidade. Máis de 45 m² de montaxe, 1.100 figuras (110 móbiles), 210 pezas decorativas, 1.800 puntos de luz, 38 m de murallas, 39 escenas bíblicas, auga e vexetación natural, etc.

Lugar: Ruela de Torrente, 6-8 – Conxo

Abre: Luns a sábado: 17:00 a 20:00 h. Domingos e festivos: 11:00 a 13:00 e 17:00 a 20:00 h.

15 de decembro pecha ás 18:00 h.

Aforo máx. 8 persoas dun mesmo grupo familiar ou colectivo.

BELÉN FAMILIAR DE MALLOU | 6 dec - 6 xan

Belén de 30m² e máis de 1.500 pezas, que esta familia exhibe desde hai máis de 50 anos no local anexo á súa casa de Mallou e que gañou varios premios ao longo da súa historia. Con elementos mecanizados, non lle falta detalle, e ata medran as verduras na horta!

Lugar: Rúa de Mallou, 24

Abre: Luns a sábados, de 17:00 a 20:30 h. Domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 e 17 a 20:30 h.

NACEMENTO DA COLEXIATA DE SAR | 15 dec - finais xaneiro

Exhibición de escenas tradicionais con figuras móbiles, que conta con máis de 30 anos de historia.

Lugar: Claustro da Colexiata de Sar (entrada polo Museo)

Abre: Luns a sábados, 10:00 a 13:30 h e 16.00 a 18.00h. Domingos de 10:00 a 13:30 h.

IGREXA DE SAN CAETANO | 20 dec - 2 feb

Con figuras de todo o mundo, especialmente de América (Brasil, Arxentina, México...) e tamén do belén francés, do filipino, de Terra Santa, de Mozambique (con figuras de madeira de ébano), Bangladesh, etc.

Lugar: Rúa de San Caetano, s/n (Sala de exposicións, a carón da igrexa)

Abre: Todos os días, 10:00 a 13:00 e 17:00 a 18:00 h. Domingos: 10:00 a 13:00 h.

BELÉN SURREALISTA DA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL | 17 dec - 12 xan

Belén artístico cunha perspectiva diferente, surrealista e multicultural.

Lugar: Pazo de Bendaña - Praza do Toural

Abre: Martes a venres, 11:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00 h. Sábados: 10:30 a 14:30 h. Luns, domingos e festivos e 24 e 31 de decembro: pechado.

CAFÉ CASINO | 4 dec - 6 xan

Belén realizado por Javier Varela, con réplicas de edificios de Compostela. Ademais, exposición de pezas de cerámica antigas (algunha ronda os 100 anos) do Neno Xesús.

Lugar: Rúa do Vilar, 35

Abre: Domingos, luns, mércores e xoves, 10:00 a 18:00 h. Venres e sábado, 11:00 a 21:00 h. Martes pechado.

BELÉN NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE | 9 dec - 17 xan

Belén totalmente artesanal realizado por Conchi García, veciña do barrio de Vite, realizado con recursos naturais (pedras, cortizas, madeira...) e moito mimo nos detalles, con recunchos que parecen sacados de contos de fantasía.

Lugar: Centro Sociocultural (CSC) de Vite – Rúa de Carlos Maside, 7.

Abre: 9:00 a 14:00 h. e 17:00 a 21:00 h. Sábados, domingos, festivos e 24 e 31 de decembro: pechado.

BELÉN DO PAZO DE RAXOI – XUNTA DE GALICIA | 29 nov - 8 xan


Belén artesanal integrado por un cento de figuras de gran tamaño e unha ambientación realizada por expertos beleñistas de Oviedo, que recrea pasaxes do nacemento de Xesús e reflicte tamén a vida tradicional no campo galego.

Lugar: Praza do Obradoiro - Pazo de Raxoi (acceso pola Presidencia da Xunta de Galicia).

Abre: Todos os días, 11:00 a 14:00 e 17:00 a 21:00 h.

BELÉN DO OBRADOIRO | 1 dec - 8 xan

A propia praza ten un belén en silueta incorporado no Xardín das 8 puntas.



COMPOSTELA
A ESTRELA
DO NADAL